



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 19 de setembro), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao consello escolar, **sector profesorado**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres profesores ou profesoras**, dun total de seis que debe ter o Consello Escolar. Os outros tres representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.

2.- O censo electoral de profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de reunións do centro.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día de hoxe ata as **14:30 horas do día 8 de novembro**.

4.- A mesa electoral estará formada pola directora do centro, que actuará como presidenta, e os/as profesores/as de maior e menor idade, actuando este/a último/a como secretario/a.

5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **dous nomes** da lista de candidaturas.


6.- O voto será directo, secreto e non delegable.

7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase claustro de profesorado, a tales efectos, para o día **11 de novembro, por correo electrónico**.

8.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

San Vicente, 28 de outubro de 2024

A DIRECTORA DO CENTRO E PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,


Asdo.: María del Mar Sueiro Pena

